

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ORIENTADOR/A LABORAL , PERSOAL LABORAL A2 TÉCNICO MEDIO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

Sendo as 10:10 horas do día 18 de outubro do 2024, reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a resolución da reclamación presentada na sede electrónica do Concello de Teo con data 11/10/2024 co número de rexistro 202499900003144 en relación ao proceso de estabilización da praza de orientador/a laboral , persoal laboral fixo, A2.

- Presidencia
 - Titular: Ignacio Soto González (arquitecto municipal do Concello de Teo)

- Vogal
 - Titular: Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo)
 - Titular: Mónica Mella Rosende (traballadora social do Concello de Teo)

- Secretaría
 - Titular: M^a Consuelo Cajide Labandeira (psicóloga do CIM do Concello de Teo)

Na reclamación presentada polo candidato Jose Manuel Campal Fernandez o 11/10/2024 co número de rexistro 202499900003144 expón que na solicitude presentada o día 26/12/2022 co número de rexistro 202299900003375 aportaba os contratos de traballo do concello de Viveiro, e como documentación adxunta, aporta os contratos do concello de Viveiro como orientador laboral, xunto coa vida laboral e a certificación da secretaria do Concello

De acordo ca base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 230 de data 05 de decembro de 2022):

O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, que fará pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, coa indicación da puntuación por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita baremación. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a baremación definitiva da fase de concurso.

De acordo do contido da base oitaba, das que rexen a convocatoria, referida ao sistema de selección e desenvolvemento do procedemento. Segundo a citaba base o sistema selectivo será o de concurso de valoración de méritos.

A forma de acreditación dos servizos será a seguinte: No suposto dunha relación funcional, mediante o certificado de servizos prestados e a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión. No caso de que se trate dunha relación de carácter laboral deberá achegarse o certificado de servizos prestados, copia do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír o contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión. Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e prazas desempeñadas, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

De acordo co exposto e unha vez revisada a documentación aportada na solicitude xeral presentada no rexistro xeral do Concello de Teo o 26/12/2002 co número de rexistro 202299900003375 polo aspirante, o tribunal **acorda:**

Desestimar a reclamación feita por Jose Manuel Campal Fernandez ao non ter presentado os contratos laborais para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Viveiro dentro do prazo correspondende.

Sendo as dez horas e vintecinco minutos do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidente Ignacio Soto González	Vogal Mónica Mella Rosende
Vogal Susana Calvo Baleato	Secretaria M ^a Consuelo Cajide Labandeira